

Maga Fani conta cunha ampla experiencia profesional no mundo do ilusionismo. Realiza espectáculos en: teatros, auditorios, colexios, casas de cultura, asociacións, museos, fundacións etc.

Representacións contra a violencia de xénero, a prol da lingua e cultura, o humor saudable, a bioloxía, a arqueoloxía etc., son o núcleo fundamental do seu traballo. Sempre disposta a loitar contra as desigualdades sociais, crebar clixés e rachar cos estereotipos.

O coidado nas presentacións e nos guións dos seus actos fai que cree intres creativos, excéntricos, emotivos e orixinais.

ESPECTÁCULOS PRODUCIDOS

Igualdade: ¿onde estás?

As Aventuras de 1 Célula Chamada a Triunfar

Igualdade: ¿existes?

2 ilusionistas cunha Menciaña Contra o Fastío

Enredos, Abraios e Vocábulos do País

Faladoiro de Iniciativas Lingüísticas

“Eric Plancto” quixo ser gaiteiro

Abraios de Rúa (con camión escenario)

Libros, Libros, Libros: Todo Está nos Libros

Unhas Risadas Sorprendentes

Alta Voltaxe de Ilusións

Maxia Pluricelular

Falo porque me Peta

Mar, Terra e Lingua

Feitizos de Rúa

@s Aprendices de Brux@

Maxia pola Igualdade

A Maxia do Castro de Viladonga

220 voltios de Maxia e Música

ESPECTÁCULOS MÁXICO-TEATRAIS/MUSICAIS

TRANSFORMANDO O PRESENTE

CORCHEAS, SEMIFUSAS e ILUSIÓN

A OUTRA REALIDADE

(ILUSIONISTA, GUIÓN e DIRECCIÓN)

(ILUSIONISTA, GUIÓN e DIRECCIÓN)

(ILUSIONISTA e ACTRIZ)

DIRECCIÓN MÁXICA “I N V E N T I O” <https://www.inventio.gal/>

ESPECTÁCULO DE MAXIA-CIRCO-DANZA

MAXIA DIRIXIDA A

Teatros

Colexios

Empresas

Eventos privados

Museos

Casas de Cultura

Festivais

Asociacións

Campos da Feira (sen “lamear”)

Congresos

Auditorios



Maga Fani comeza nas Artes Escénicas estudando Danza Clásica e outros tipos de movementos.

Forma parte do 1º grupo de baile (Danza-Jazz-Fusión) que será contratado como corpo de baile profesional, semanalmente na T.V.G., aos 16 anos, no mítico programa de Gayoso.

Licenciada en Bioloxía e investigadora na USC, pasa uns anos investigando, obtendo como resultado publicación científica.

Traballa en diversas áreas, mais volve ás Artes Escénicas iniciándose no ilusionismo profesional, primeiro como estudante e despois como actuante, ata chegar facer espectáculos unipersoais, que se caracterizan polo detalle e polo seu guión. Neste contexto, e para a súa aprendizaxe, percorre congresos, xuntanzas, charlas etc., en Galicia, España, Portugal, Francia e Xapón.

Resultado destas vivencias: no ámbito de ser muller, no ámbito de diversas empresas, no eido familiar e no mundo da maxia, crearase nela unha ollada, e sentir do mundo crítica, na que será necesaria o humor e a ledicia como necesidade de vida. (Gandhi: “Sé ti o cambio que queres ver no mundo”).

Por isto, seus espectáculos caracterízanse polo humor, a risa, alegría, amor e moita ironía aderezando á maxia.

Reciclaxe complementaria: (como artista, a súa formación é multidisciplinaria e procura ser constante).

CORPO: Expresión Corporal. Movemento
 Respiración
 Hatha Ioga
 Mergulladora

MUSICAL: Percusión. Batería. Outras percusións

VOZ: Canto Vocal
 Canto Moderno